

RIOTORTO

Aprobado definitivamente el Reglamento Especial de Honores y Distinciones al no haberse presentado reclamaciones o sugerencias durante el plazo de exposición pública, se transcribe a continuación junto con el acuerdo de su aprobación, todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/85, de 2 de abril.

3.- REGLAMENTO ESPECIAL DE HONORES Y DISTINCIÓNS. PROPUESTA DE LA ALCALDÍA.

Por Secretaría, de orden de la Presidencia, se dio cuenta al Pleno del expediente instruido por este Ayuntamiento a instancia de la Alcaldía para la aprobación del Reglamento Especial de Honores y Distinciones.

Visto el informe de Secretaría, informe unido al expediente respectivo y favorable a la aprobación del citado Reglamento, que consta en el expediente y que se propone por la Alcaldía al Pleno al objeto de su aprobación.

La Corporación acordó, con el voto favorable de los seis concejales del Grupo Municipal del P.P. y el del Grupo Mixto, así como con la abstención de los cuatro concejales del B.N.G. y con el quórum legalmente exigible de mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación:

1.^º.- Aprobar inicialmente el Reglamento Especial de Honores y Distinciones de este Ayuntamiento y que se transcribe a continuación.

2.^º.- Exponer el citado Reglamento y el presente acuerdo al público por el plazo de treinta días hábiles, mediante edictos insertos en el B.O.P. y en el tablón de anuncios, para la presentación de reclamaciones y sugerencias, dándose audiencia durante el citado plazo a los interesados. Las reclamaciones y sugeren-

cias serán resueltas por el Pleno.

3.^º.- En el caso de que no se hubiera presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente aprobado el acuerdo hasta entonces provisional y en consecuencia, aprobado definitivamente el referido Reglamento.

REGULAMENTO ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS

CAPITULO I

Obxecto

Artigo 1.^º.- O presente Regulamento ten por obxecto a regulación dos distintivos e nomeamentos honoríficos encamiñados a premia-los especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos/as galardoados, persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 2.^º.- Tódalas distincións as que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, polo tanto, outorguen ningún derecho administrativo, nin de carácter económico.

Artigo 3.^º.- Ningún distintivo honorífico, nin nomeamento poderá ser otorgado a persoas que desempeñen altos cargos na Administración e respecto ós que se encontre a Corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servicio en tanto subsistan estes motivos.

CAPITULO II

Dos nomeamentos

Artigo 4.^º.1.- O Pleno da Corporación poderá conferi-los nomeamentos de:

- Fillo/a predilecto/a.
- Fillo/a adoptivo/a.

- Membro honorario/a da Corporación.

2.- Para que poida ser concedido o honor ou distinción de fillo/a predilecto/a da poboación será condición indispensable que a persoa interesada nacera na localidade. O de fillo/a adoptivo concederase únicamente os/as naturais doutras villas.

Artigo 5.º.- Cos nomeamentos premiaranse méritos, cualidades e circunstancias singulares que concorren nos/as galardoados/as.

Artigo 6.º.- Os nomeamentos dos membros honorarios da Corporación non outorgarán, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou administración da Corporación, pero o Alcalde titular ou o Concello poderán encomendarles funcións representativas.

CAPITULO III

Outras distincións honoríficas

Artigo 7.º.- O pleno da Corporación poderá distinguir unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada á cidade, recoñecendo con iso especiais merecimentos ou servicios extraordinarios.

CAPITULO IV

Do procedemento

Artigo 8.º.- Os distintivos e nomeamentos outorgaranse despois dun expediente que se iniciará por Decreto da Alcaldía, ben por propia iniciativa ou a requerimento dunha terceira parte dos membros que integran a corporación Municipal, ou respondendo á petición razoada de Entidades de recoñecido prestixio.

No Decreto de iniciación nomearase ó Xuiz instructor e ó Secretario encargados de tramitalo.

Artigo 9.º.- O instructor do expediente ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos do proposto, facendo consta-las diligencias realizadas, tanto se favorecen como se perxudican a proposta inicial.

Artigo 10.º.- Finalizadas as actuacións, para as que se fixa un prazo máximo de un mes, o instructor formulará proposta de resolución remitindo o expediente con todo o actuado o Sr. Alcalde que someterá o expediente o Pleno da Corporación que necesitará o voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta legal dos membros da Corporación, para a validez do acordo que adopte outorgando os distintivos ou nomeamentos.

Artigo 11.º.- O Concello crea un Libro de Honor de Distincións e Nomeamentos donde se irán inscribindo os outorgados.

Artigo 12.º.- A concesión das distincións e nomeamentos serán entregados no salón de sesións do Concello, con asistencia do Pleno da Corporación e aquellas autoridades e representantes que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artigo 13.º.- Previo expediente que se instruirá coas mesmas características que para o outorgamento de honor ou distinción, a Corporación poderá revocar o acto de concesión á persoa galardoada, se ésta modifi-

fica tan profundamente a conducta anterior que os seus actos posteriores o fagan indigno de figurar entre os galardoados.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, que consta de trece artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, e teña transcurrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

LENDA DO PERGAMINO PARA OS FILLOS/AS PREDILECTOS/AS

O ... Concello, interpretando o sentir xeral da veciñanza, concede a D./a ..., o merecido e honroso título de fillo/a predilecto/a do concello de Riotorto como público recoñecemento dos singulares méritos contraídos, laborando constantemente en pro dos intereses do pobo da súa natureza.

Riotorto, de ... de ...

Pola Corporación:

O Alcalde, O Secretario,

Asdo.: Asdo:

LENDA DO PERGAMINO PARA FILLOS/AS ADOPTIVOS/AS

O... Concello de Riotorto desexando que quede constancia do seu eterno agradecemento, e interpretando o sentir unánime da súa veciñanza, hónrase concedendo a D./a..., o digno título de fillo/a adoptivo/a de Riotorto como público recoñecemento dos grandes méritos contraídos en pro dos intereses deste pobo.

Riotorto, ... de ... de ...

Pola Corporación:

O Alcalde, O Secretario,

Asdo.: Asdo:

LENDA DO PERGAMINO PARA OS MEMBROS HONORARIOS DA CORPORACIÓN.

O Pleno desde Concello concede a D./a..., o merecido e honroso título de Membro Honorario da Corporación Municipal de Riotorto, como público recoñecemento dos grandes méritos contraídos en pro dos intereses deste pobo.

Riotorto, ... de ... de ...

Pola Corporación:

O Alcalde, O Secretario,

Asdo.: Asdo:

Riotorto, 28 de mayo de 2003.- El Alcalde, José López Cabodevila.